

PRESENTACIÓN

A revista QUINTANA veu a luz por primeira vez no ano 2002, impulsada polo Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago. Dende entón, cada un dos números editados nestes tres lustros contou coa colaboración da Deputación da Coruña, coa intención de apoiar a difusión de coñecementos e traballos desenvolvidos por prestixiosos investigadores no eido cultural, antropológico, social e artístico.

Nesta edición, o tema central da publicación é “As Cores do medo. Arte, guerra e terror”. Nas páxinas que seguen, os autores analizan diferentes interpretacións sobre estratexias bélicas, censura ou exilio dende diferentes ópticas. Unha interesante ollada que se mergulla no pasado histórico para explicarnos as accións que se desenvolven no presente.

A revista QUINTANA non só ilustra sobre os máis diversos aspectos da historia, as artes, a filosofía ou a literatura aos seus lectores, senón que representa todo un símbolo dentro da Facultade de Historia. Por iso, a Deputación quere seguir mantendo a súa labor de mecenazgo desta publicación, sabedora de que tan necesarios son os traballos que se recollen nela como a súa difusión.

Unha achega moi importante, onde as investigacións orixinais sobre calquera das especialidades relativas ao campo das artes, incluídas a música e o cinema, son o eixo central dunha publicación que ademais potencia as aproximacións interdisciplinares que enriquezan o estudo da historia da arte en ámbitos como a literatura, a filosofía, a xeografía ou os estudos culturais.

Dende a Deputación seguiremos apoiando iniciativas como esta, que contribúan á difusión do coñecemento no eido do arte e a cultura e que, no caso da revista QUINTANA, é dende hai anos, un referente indiscutible no mundo investigador e universitario español.

Valentín González Formoso
Presidente da Deputación da Coruña